

## Que é estar san?

Estamos **sans** cando o noso corpo funciona ben e podemos realizar sen problemas as nosas actividades cotiás.

Cando o noso corpo non funciona ben, sentímonos mal e dicimos que estamos **enfermos**.

Unha persoa enferma pode sentir dor, febre, mareo, perda de apetito...



## Curamos

Cando estamos enfermos, debemos acudir ao **centro de saúde** e seguir as recomendacións do médico.

O médico pódenos receitar algún **medicamento**. Os medicamentos axudan a curar algunhas enfermidades. Pero só se deben tomar cando os receita o médico.



**Xogamos por parellas a representar unha visita ao médico.**

O que fai de enfermo debe explicar como se sente, e o que fai de médico debe dar algunha recomendación.



1 Colorea o neno ou a nena que cres que está san.



2 Une correctamente.

Determina que enfermidade temos e decide como curala.



psicólogo

Administra medicamentos e realiza curas.



logopeda

Axúdanos a falar mellor.



médica

Axúdanos a corrixir problemas emocionais e de comportamento.



enfermeiro

Estamos sans cando o noso corpo funciona ben e podemos realizar as nosas actividades cotiás.